

A Política de calidade da Fundación FAIBÉN ten como obxectivo ofrecer un servizo profesional e comprometido coa calidade e a calidez na atención á infancia e a adolescencia en situación de risco ou desprotección en Galicia.

Esta política da calidade será acadada mediante os seguintes compromisos asumidos por FAIBÉN:

COS NENOS, NENAS E ADOLESCENTES

1. A acollida de cada neno, nena e adolescente, independentemente da súa problemática, confiando na súa capacidade de superación e mellora
2. A incondicionalidade con cada neno, nena e adolescente, que pon en valor cada relación persoal como única e moi valiosa e que supón a base dunha atención personalizada durante a estancia na Casa de familia e un acompañamento e apoio individualizado posterior.
3. A defensa dos Dereitos da Infancia desde un enfoque de independencia e de xustiza social a hora de facer propostas para tomar decisións respecto dos nenos, nenas e adolescentes en situación de risco ou desamparo.

COAS FAMILIAS

4. Informar e apoiar a súa participación e implicación no proceso educativo dos nenos, nenas e adolescentes e con especial atención as familias nos casos de reintegración familiar.

CO PERSOAL

5. Comunicar e implicar a todos os profesionais na marcha da entidade, no compromiso de impulsar o Sistema de Xestión da Calidade, así como a mellora continua no noso traballo, promovendo o apoio mutuo e a aprendizaxe.
6. Impulsar que o comportamento do persoal, no desenvolvemento das súas funcións, sexa coherente cos valores da entidade.

CO SECTOR

7. Traballar en rede con todos os profesionais do noso ámbito e todo aqueles que interveñan no proceso educativo dos nenos ou no núcleo familiar.
8. Participar en espazos de comunicación, debate, reflexión e colaborar no cambio social que dea respostas axeitadas ás novas necesidades que van xurdindo no ámbito da protección da infancia e adolescencia.

COA ADMINISTRACIÓN

9. Cumprir a lexislación e todos os requisitos aplicables, esixencias e protocolos que nos afecten e emitir puntualmente e con rigor a información solicitada pola Administración.

Esta política da calidade é un marco de referencia para establecer e revisar a estratexia da organización e os seus obxectivos de calidade. Será comunicada e entendida dentro da organización e será revisada para a súa continua adecuación.

Asdo: Ángel Martínez Puente
Director de FAIBÉN